

CONVOCATORIA	CPI2024J
PRAZA/POSTO	Técnico/a educación encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase media e integradas non grupo A2
TIPO	Segundo exercicio
DATA	29/04/2025

Traballas como educador ou educadora nun centro de protección de menores de réxime residencial, que acolle a adolescentes entre 8 e 18 anos con medidas de garda ou tutela, debido a diversas situacións de desprotección.

O equipo educativo detectou reiteradas actitudes sexistas, estereotipos de xénero moi arraigados e situacións preocupantes como:

- Comentarios machistas normalizados entre mozos do grupo.
- Rivalidades e conflitos entre mozas e mozos en actividades mixtas.
- Desvalorización do feminino por parte de ambos os xéneros.
- Invisibilización de identidades LGTBI e bromas homófobas.
- Casos recentes de control sobre o uso do móbil por parte dalgúns mozos ás súas parellas dentro do centro.
- Falta de referentes positivos en igualdade nas súas historias familiares.

Ante esta situación, a dirección do centro solicita que se elabore un Programa de Coeducación, con enfoque preventivo, participativo e inclusivo, orientado a:

- Romper estereotipos de xénero.
- Fomentar relacións igualitarias e respectuosas.
- Promover a autoestima e a autonomía, especialmente nas mozas.
- Previr a violencia de xénero e o sexismo.
- Incluír a diversidade afectivo-sexual de forma natural e respectuosa.